



Expediente núm.: 1736/2024

Contrato: C24/9 Servizo de mantemento de equipos e redes informáticas

Asunto: MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co disposto no artigo 116.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) e 73.2 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, incorpórase ao expediente a presente memoria xustificativa do contrato indicado.

1.- Obxecto do contrato

É obxecto deste contrato o mantemento e soporte (hardware e software) de equipos informáticos, sistemas, servidores, electrónica de rede, aplicacións, programas de xestión e sistemas de información situados nas distintas dependencias do Concello de Cangas, así como a asistencia e apoio técnico en tarefas de administración e xestión informática resumidas a continuación:

- a) Administración do sistema. Tarefas de administración do conxunto de equipos, servidores e usuarios.
- b) Mantemento de equipos e programas. Servizos consistentes no mantemento de equipos de usuario, periféricos e recursos de rede.
- c) Axuda e formación. Consistirá na asistencia, a nivel xeral, en tarefas informáticas ao persoal municipal e formación específica, a determinar, en materia informática.
- d) Asistencia técnica a proxectos e tarefas de evolución tecnolóxica.
- e) Rexistros estatísticos.

O contrato executarase conforme ás especificacións establecidas no prego de prescricións técnicas (en adiante PPT).

Codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea, Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión, de 28 de novembro de 2007:

- 72500000-0 Servizos informáticos
- 50312000-5 Mantemento e reparación de equipo informático
- 50312300-8 Mantemento e reparación de equipos de redes de datos
- 50312600-1 Mantemento e reparación de equipo de tecnoloxía da información

2.- Necesidades administrativas a satisfacer

As necesidades administrativas a satisfacer veñen descritas no informe de necesidades incorporado ao expediente polos servizos técnicos municipais en data 13.03.2024 segundo o cal *coa celebración deste contrato preténdese cubrir as necesidades relativas ao mantemento de equipos informáticos e sistemas de información situados nas distintas dependencias do Concello de Cangas, así como a asistencia e apoio técnico en tarefas de administración e xestión informática para o Concello de Cangas, entendendo por mantemento todas aquelas actuacións sobre un sistema informático que conduzan a que o mesmo quede operativo e en perfecto estado de funcionamento.*



3.- Non división en lotes

Non procede a división en lotes xa que a natureza do servizo e o obxecto do contrato están configurados como unha unidade funcional única non susceptible de división e que non inclúe prestacións accesorias que poidan executarse de forma independente.

4.- Duración

De acordo co disposto nos artigos 29 e 35.1.g) da LCSP establécese unha duración inicial de DOUS ANOS cunha posible prórroga de UN ANO. Tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato considérase que este prazo da estabilidade a un servizo que cubre unha necesidade permanente do Concello, permite ás empresas licitadores realizar unha mellor oferta ao contar cun número de anos óptimo para o seu proxecto profesional, e tamén permite ao Concello, a medida que se executa o contrato, valorar se é suficiente para cubrir as necesidades iniciais co cal podería prorrogar a súa duración, ou no caso de detectar carencias por xurdir outras necesidades considera conveniente sometelo novamente a concorrência, para axustalo a novas necesidades e buscar outra solución que resulte máis vantaxosa tanto desde o punto de vista económico como técnico.

5.- Análise económica

No informe incorporado ao expediente polos servizos técnicos municipais en data 11.03.2024 consta a seguinte valoración económica para unha anualidade:

CONCEPTO		Importe
Custos directos	Custos de persoal	28.991,76 €
Custos indirectos	Custos financeiros e de xestión	6.365,40 €
	Subtotal	35.357,16 €
	IVE	7.425,00 €
TOTAL		42.782,16 €

Partindo do anterior establécese os seguintes conceptos:

5.a) Tipo de licitación

O tipo de licitación que os candidatos poderán mellorar á baixa establécese en CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (42.782,16 €) por ano.

5.b) Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación, considerado segundo o disposto no artigo 100 da LCSP como o límite máximo de gasto que pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE e tendo en conta a duración do contrato pero sen considerar as prórrogas nin posibles modificados, ascende á cantidade de OITENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (85.564,32 €).





5.c) Financiamento e existencia de crédito:

O contrato finánciase con fondos propios do Concello e o gasto imputarase á aplicación orzamentaria 920-22799. Tendo en conta o estado de tramitación do expediente prevese que o contrato comece a no mes de agosto, polo que, a distribución orzamentaria por anualidades é a seguinte:

ANUALIDADE	MENSUALIDADES	ORZAMENTO
2024	5	17.825,90 €
2025	12	42.782,16 €
2026	7	24.956,26 €

Consta crédito suficiente para a presente anualidade segundo documento contable de retención de crédito expedido polo Interventor municipal o día 15.04.2024 (nº operación 220240001694). De iniciarse o contrato con posterioridade á data prevista, o órgano de contratación procederá de oficio ao oportuno reaxuste de anualidades sen necesidade de solicitar a previa conformidade do contratista. O Concello asume a obriga de consignar crédito adecuado a suficiente para todas as anualidades ás que se estenda a execución do contrato.

5.c) Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de CENTO SEIS MIL SETENTA E UN EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (106.071,47 €).

	Importe
Orzamento inicial (2 anos s/IVE)	70.714,31 €
Prórroga (1ano)	35.357,16 €
TOTAL	106.071,47 €

5.f) Facturación

O adxudicatario emitirá unha factura mensual polos servizos prestados no mes inmediatamente anterior, cuxo importe resultará de dividir o prezo de adxudicación entre 12 ou, no seu caso, prorrateo correspondente se se tratase dun mes incompleto. O pago do prezo realizarase contra factura debidamente conformada polo/a Concelleiro/a da área correspondente e o/a responsable do contrato nomeado ao efecto.

6.- Procedemento de licitación

O artigo 131.2 da LCSP dispón que a adxudicación dos contratos realizarase ordinariamente utilizando o procedemento aberto ou restrinxido, sendo este último especialmente adecuado cando se trate de servizos intelectuais de especial complexidade (art. 160.4 –LCSP). Non sendo este o caso que nos ocupa, o expediente tramitarase mediante **PROCEDIMENTO ABERTO** seguindo o establecido nos artigos 156, 157 e 158 da LCSP, sen que poida aplicarse a tramitación abreviada prevista no artigo 159 por contemplar criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízos de valor cuxa ponderación supera o 25% do total (art. 159.1.b -LCSP).





Este contrato non está suxeito a regulación harmonizada xa que o seu VE non supera o limiar de 221.000 € establecido no artigo 22.1b) da LCSP.

7.- Criterios de adxudicación

A.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR			45
1	DESCRIPCIÓN DO SERVIZO		25
	1.1	Mellor plan de traballo	10
	1.2	Plan de melloras proposto para a entidade	8
	1.3	Medios físicos e loxísticos	5
	1.4	Plans de transición, Transferencia do coñecemento e devolución do servizo	2
2	ORGANIZACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO		15
	2.1	Equipo humano	10
	2.2	Mecanismos de coordinación e xestión do equipo de traballo	3
	2.3	Plan de formación	2
3	MECANISMOS DE SEGURIDADE E CONTROL		5
	3.1	Modelo de relación co concello e de seguimento do proxecto	3
	3.2	Plan de calidade	2
B.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS			55
1	Menor prezo		40
2	Mellora da calidade do servizo		8
3	Certificacións		7

De acordo cos artigos 131.2 e 145.1 da LCSP segundo os cales “a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo”, establécense varios criterios de adxudicación que serán avaliados mediante xuízos de valor uns, e mediante fórmulas outros, cunha ponderación de 45 e 55 puntos respectivamente, non sendo o prezo o único factor determinante na adxudicación.

Os criterios avaliados mediante xuízos de valor refírense a aspectos relativos ao desenvolvemento do servizo, valorando aspectos que se consideran clave como a organización, o persoal, a loxística ou a comunicación entre Concello e adxudicatario, cos que se pretende que a as propostas incidan de xeito significativo na mellor execución do contrato. En canto aos criterios avaliados mediante fórmulas, establécense ademais do prezo, outros criterios que teñen incidencia directa na calidade da prestación do servizo co fin de acadar os máximos niveis de calidade, eficiencia e eficacia na prestación.

8.- Condicións mínimas de solvencia

En cumprimento do disposto no artigo 74 da LCSP, indícanse a continuación as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional que deberán posuír as empresas que





concorran a esta licitación. Cos criterios de solvencia elixidos preténdese garantir a idoneidade dos candidatos para a execución do contrato, considerando os niveis mínimos de solvencia fixados, como proporcionados ás circunstancias do contrato.

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

REQUISITO MÍNIMO:

VOLUME ANUAL DE NEGOCIO: os candidatos ou licitadores deberán acreditar un volume anual de negocio no ámbito ao que se refire o contrato, que referido ao mellor exercicio dentro dos 3 últimos concluídos, deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato (64.179,24 €).

Naqueles casos en que o licitador leve menos de 3 anos dado de alta nesta actividade profesional e polo tanto non poda acreditar a súa solvencia económica segundo o disposto anteriormente, poderá acreditala mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas por importe non inferior ao valor estimado do contrato. Ademais, deberase achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que, no caso de resultar adxudicatario, inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles a que se refire o número 2 do artigo 150 da LCSP.

XUSTIFICACIÓN:

A situación financeira e o grao de fortaleza na estrutura, na magnitude e na composición do capital social dos licitadores considérase un motivo indicativo que permite presumir unha suficiencia razoable na capacidade do adxudicatario para facer fronte ás obrigacións económicas e financeiras que derivarán da adxudicación do presente contrato.

FORMA DE ACREDITACIÓN:

- O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
- A acreditación do seguro por riscos profesionais efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.





SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

REQUISITO MÍNIMO:

SERVIZOS REALIZADOS: O licitadores deberán ter realizado no período de, como máximo os últimos 3 anos, unha relación de servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato. Para determinar que os traballos ou servizos sinalados polo/a licitador/a son de igual ou similar natureza ao que constitúe o obxecto do contrato atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV de cada un dos servizos que constitúen o obxecto do contrato. Este requisitos non será esixible cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos.

XUSTIFICACIÓN:

Este requisito de solvencia técnica considérase acorde co obxecto do servizo, xa que a experiencia previa da empresa en contratos similares presupón unha capacidade e valía óptimas para a correcta xestión e execución da prestación.

FORMA DE ACREDITACIÓN:

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por leste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Clasificación

A clasificación non é esixible; con todo, de acordo co establecido no artigo 77.1.b) e a cláusula 5.4. do PCAP, considerarase acreditada a solvencia indicada nos apartados anteriores aos empresario que posúan a seguinte clasificación:

Grupo V *Servizos de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións*

Subgrupo 3 *Mantemento e reparación de equipos e instalacións informáticos e de telecomunicacións*

Categoría 1 *(contía do contrato inferior a 150.000 euros).*





CONCRECIÓN DAS CONDICIÓNS DE SOLVENCIA: ADSCRICIÓN DE MEDIOS

De acordo co disposto no artigo 76.2 da LCSP ésxelle aos licitadores que ademais de acreditar a solvencia ou clasificación indicadas nos apartados anteriores, se comprometan a adscribir á execución do contrato os medios persoais e condicións técnicas que a continuación se indican.

PERSOAL E TITULACIÓNS

O equipo de traballo do adxudicatario deberá estar constituído como mínimo, polo persoal que a continuación se indica, cos seguintes niveis de coñecemento mínimos para cada perfil técnico:

- **1 Responsable/Coordinador:**
 - Titulación: Ciclo formativo de grao superior: Administración de sistemas informáticos e redes (ou asimilado).
 - Experiencia:
 - Experiencia profesional de polo menos 4 anos en contratos similares
 - Experiencia profesional de polo menos 4 anos en contratos similares.
 - Xestión e uso de ferramentas de ticketing e help- desk.
 - Xestión de proxectos e servizos
 - Coordinación de técnicos de campo.
 - Control de stock e realización de pedidos.
 - Apoio e recursos técnicos proporcionados con regularidade.
 - Xeración de informes estatísticos

- **1 Técnico de mantemento:**
 - Titulación: Ciclo formativo de grao superior: Administración de sistemas informáticos e redes (ou asimilado).
 - Experiencia:
 - Experiencia profesional de polo menos 2 anos en tarefas similares.
 - Montaxe de equipos, reparación, substitución de pezas, diagnóstico de hardware... (equipos sobremesa, portátiles, monitores, smartphones, tablets, impresoras, escáneres, lectores de tarxetas, etc.)
 - Experiencia en aplicacións da administración: Gestiona, Galipadron, Sicalwin, Sigep, Firmadoc, WinGT...etc
 - Montaxe e configuración de servidores físicos e virtuais.
 - Instalación de software e configuración de aplicacións en postos de usuarios.
 - Instalación e configuración de infraestruturasWIFI (Ubiquiti, Aruba...)
 - Experiencia en sistemasWindows 10 e 11, Server 2012, 2016, 2019
 - Experiencia en sistemas Linux CentOS, Debian, Ubuntu
 - Experiencia en hipervisores: VMware ESXi, Hyper-V
 - Active Directory, GPOs, DNS, DHCP, Servidores de arquivos, Servidores de impresión, etc.
 - NGFW, UTM: Configuración, políticas, VPN, etc.





- Implementación, configuración e revisión de estratexias de backup: Veeam Backup& Replication, Cobian, Synology, etc.

Este técnico terá dedicación exclusiva a este proxecto, salvo que o Concello autorice excepcións puntuais a este requisito segundo o descrito no Apdo 14 do PPT.

▪ **2 Técnicos de mantemento de apoio:**

- Titulación: Ciclo formativo de grao medio: Sistemas microinformáticos e redes (ou asimilado).
- Experiencia:
 - Experiencia profesional de polo menos 2 anos en tarefas similares.
 - Como mínimo, mesmos coñecementos que o técnico de mantemento principal.
 - Estará de apoio para dar soporte ao técnico principal no caso de que o alcance das tarefas requírao ou para cubrir en caso de vacacións.

MEDIOS OU UNIDADES TÉCNICAS

É **requisito imprescindible que os licitadores** contén cos seguintes certificados:

- ISO/IEC 27001: Certificación do sistema de xestión de seguridade da información.
- ENS **NIVEL MEDIO vixente**, debendo aparecer no listado de empresas oficial da páxina do ENS (<https://gobernanza.ccn-cert.cni.es/certificados>)

Todas as certificacións deben estar en vigor no momento da presentación da oferta, na formalización e durante a execución do contrato. **Os licitadores que non cumpran coas certificacións requiridas como requisito imprescindible, especificadas no parágrafo anterior quedarán excluídas do proceso de licitación.**

XUSTIFICACIÓN:

A esixencia desta adscrición de medios persoais e técnicos como requisitos de solvencia adicionais, responde a necesidade de garantir unha adecuada execución do contrato para o cal resulta imprescindible que as empresas licitadoras contén por un lado, con persoal con titulación e experiencia no ámbito desta licitación e específico respecto das necesidades concretas do Concello, e por outro cos certificados de calidade que garantan ese mínimo esixido. Tendo en conta a complexidade técnica do servizo considérase esta adscrición de medios razoable e proporcional á entidade e características do contrato.





FORMA DE ACREDITACIÓN:

Na fase de selección, respecto dos certificados esixidos, deberá achegar no Sobre A documento acreditativo expedido polo organismo competente

Na fase de adjudicación: o licitador mellor valorado proposto como adjudicatario deberá achegar respecto do equipo de traballo: contratos, titulación e calquera outra documentación que órgano de contratación considere oportuna.

Eses compromisos integranse no contrato, e terán o carácter de obrigacións esenciais aos efectos previstos no artigo 211.

8.- Condicións especiais de execución

En cumprimento do disposto no artigo 202 da LCSP establécense como condicións especiais de execución as que a continuación se indican:

De tipo social ou laboral
O adjudicatario ademais de cumprir, respecto dos traballadores vinculados á execución do contrato, as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo, deberá cumprir o convenio colectivo aplicable, respectando as condicións que, respecto a a subrogación de traballadores establézanse no devandito convenio e abonando, en todo caso, polo menos o salario establecido no mesmo segundo a categoría profesional que lle corresponda ao traballado/a.
XUSTIFICACIÓN: con esta condición especial preténdese garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo, o respecto aos dereitos laborais básicos, e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables
INCUMPRIMENTO: o incumprimento desta condición terá a consideración de infracción grave aos efectos de imposición de penalidades.
De tipo medioambiental
O adjudicatario xeneralizará a utilización de sistemas electrónicos e telemáticos para a xestión e comunicación de información e documentos, reducindo ao máximo posible a utilización de papel e a impresión de documentos.
XUSTIFICACIÓN: con esta condición especial preténdese reducir a uso de papel polas consecuencias negativas que a produción deste ten no medio ambiente debido ao consumo de recursos naturais como árbores, auga e enerxía, e a contaminación causada polos blanqueadores de cloro ou derivados, que xeran residuos Órgano clorados ecotóxicos e bioacumulables.
INCUMPRIMENTO: o incumprimento desta condición terá a consideración de infracción grave aos efectos de imposición de penalidades.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

